

A Agrupación de Electores de Redondela oponse a que o cargadoiro de Rande pase a ser un vertedoiro de barcos ruinosos e avariados



Dende AER mostrámonos sorprendidos e indignados ao saber pola prensa que a Autoridade Portuaria de Vigo ten pensado eliminar o cargadoiro de mineral de Rande, un patrimonio histórico e cultural de Redondela, para habilitar unha zona destinada a embarcacións abandonadas e avariadas, nun espazo protexido pola Rede Natura 2000.

A Agrupación de Electores de Redondela pediu xa hai máis de 3 anos a protección patrimonial e cultural de todo a contorno da Ponte de Rande, solicitando a incoación de expediente para a **declaración de Ben de Interese Cultural (BIC)** dos restos da Fortaleza de Rande, así como o “Cargadoiro do Alemán”, o xacemento arqueolóxico dos Pecios da Batalla e do Contorno de Rande. Esta moción de AER foi aprobada por unanimidade do pleno municipal en abril do 2013.

En xullo dese ano 2013 preguntamos por esa solicitude, e concelleiro Xulio Alonso Monteagudo dixo que se enviara a petición á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e dixeron que teñen moitísimas solicitudes e que a esta aínda non se chegara por orde de entrada; e que o goberno local estaría pendente.

Ante a inoperancia das Administracións e coas obras inminentes da ampliación da ponte, en maio do 2015 volvemos preguntar. O concelleiro de Cultura dixo que no verán do 2014 a subdirección xeral pediu máis documentación para completar o expediente.

En febreiro deste ano en curso, volvemos preguntar no pleno, solicitando a comparecencia do actual concelleiro de Cultura. Xabier Alonso dixo que o castelo de Rande xa é BIC por disposición legal aínda que a contorna requiriría unha declaración como sitio histórico ou similar.

Comprobamos como pasa o tempo, as cousas non se fan e agora atopámonos con que outra administración máis pensa realizar outra desfeita máis no noso patrimonio histórico e cultural, e agrede outra vez máis aos nosos espazos naturais “protexidos”.

Por último preguntámonos que farán as executivas do PP-PSOE a nivel Galego.

Redondela, a 7 de xuño do 2016.